

UN GRAN DÍA DE PESCA

Texto de JORDI GASTÓ

Ilustracións de CHRISTIAN INARAJA

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Cartón con esquinas redondeadas. 17,5 x 22 cm. 22 páx. 11 €

[Un gran día de pesca](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-193-2. Prelecturas. Acartonados.

[Un gran día de pesca](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-194-9. Prelecturas. Acartonados.

[Un gran día de pesca](#) (català)

ISBN 978-84-18558-60-3. Prelectures. Cartró.

*Roque tivo un bo día
unha idea moi rara.*

*Foi procurar a Pablo,
carpinteiro e amigo.*

*Decidiu ir pescar,
pero non tiña caña.*

*Agora tiñan cana,
pero faltaba o fío...*

«Un gran día de pesca» é un divertido relato rimado e acumulativo que invoca a amizade e a interacción con outras persoas, que anima a romper a rutina con orixinalidade e a experimentar novas sensacións. Os autores de «Se che pica un mosquito» (XVII Premio Frei Martín Sarmiento de Literatura Infantil), Jordi Gastó e Christian Inaraja, volven cun novo libro cheo de humor, gozo e alegría.


Á falta dunha cana, o protagonista vai rodeándose dun numeroso grupo de amigos e amigas que non só lle proporcionan todo o necesario para pescar, senón para pasar un día fantástico de festa, música e cancións. Porque o importante é celebrar e compartir unha xornada inesquecible en boa compañía aínda que, de regreso, o caldeiro siga estando baleiro...

As ilustracións destacan pola expresividade dos personaxes e a súa potencia comunicativa. De trazos sinxelos, son estruturas deliberadamente básicas e imperfectas, con cores planas e alegres que acentúan o carácter lúdico do texto.



Foi procurar a Pablo,
carpinteiro e amigo.

Agora tiñan cana,
pero faltaba o fío.



- **Temática:** diversión, xogo, colaboración.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** relato acumulativo, texto rimado; amizade, compartir; momentos da vida cotiá; oficios; dos autores de «Se che pica un mosquito»; do ilustrador de «Cándido e os demais» (XI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado e Premio Nacional aos Libros Mellor Editados 2018), «Oi, Eloi!» e «¡A que sí!» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-gran-dia-de-pesca-g>
- **En Kalandraka TV:**
<https://kalandraka.tv/gl/videos/entrevista-a-fran-pintadera-y-christian-inaraja-candido/>

Jordi Gastó

(Barcelona, 1976)

Estudou Historia da Arte e Restauración, completando a súa formación nos ámbitos do teatro, do cinema e da poesía. É escritor, guionista e director escénico, con obras de autoría propia estreadas en España e mais en Francia. Dedicase profesionalmente á música clásica, faceta que compaxina coa literatura, ademais de colaborar en varias revistas especializadas en literatura infantil.

Christian Inaraja

(Vic, 1972)

Ilustrou máis dun cento de libros que foron traducidos a varias linguas, ademais de debuxar en publicacións periódicas, especialmente infantís e/ou xuvenís. Tamén realizou ilustracións para carteis, publicidade, *packaging*, prensa... Entre os últimos recoñecementos que recibiu destacan o Premio Crítica Serra d'Or (2022), o Premio Nacional ao Mellor Libro Editado (2019) por «Cándido e os demais», polo que tamén recibiu o Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado (2018), o Premio Junceda (2013 e 2022), o Premio Internacional de Álbum Ilustrado Ciutat de Benicarló (2020) e Propuestas VEGAP (2013). A súa obra tamén figura na Lista de Honra IBBY. Foi codirector, desde o seu inicio en 1998 ata 2018, do Festival Europeo de Curtametraxes de Reus. Actualmente é profesor de Ilustración na Escola d'Art i Disseny ILLA de Sabadell.

<http://www.inaraja.com>